



## DOSSIER INFORMATIVO

A través da Rede de Investigación “Do Rural que foi ao Rural que vén: reVoltando á Terra. Pasado e futuro dunha Agricultura Sustentable” pretendemos continuar cubrindo un baleiro que no seu día detectamos no contexto universitario galego. Queremos ofrecer diagnoses das problemáticas actuais do medio rural e, sobre todo, elaborar propostas de futuro alternativas para o manexo sostible do mesmo. Esa “nova axenda” de actuación fundaméntase, a un tempo, en novos presupostos teóricos e nun coñecemento plural dos procesos históricos que definiron o noso presente e dunha correcta identificación dos problemas e solucións do presente.

A creación desta Rede significará un avance moi importante no artellamento organizativo dun conxunto de 7 Grupos de Investigación que, en Galicia, e dende ámbitos disciplinares diversos (Economía Ecolóxica; Historia Ambiental; Enxeñería Rural e Ordenación do Territorio; Economía Agraria), veñen hai tempo traballando nesta dirección e que xa levaron a cabo no pasado experiencias de colaboración académica e investigadora, entre dous ou máis grupos singulares ou no marco das actividades de dous Institutos Universitarios: Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) e Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

A formalización desta nova Rede posibilitará un diálogo transdisciplinar entre diferentes perspectivas de investigación que teñen o seu punto de encontro na Agroecoloxía. Esta integración



transdisciplinar aportará melloras significativas para cada un dos 7 Grupos conformantes en ámbitos como o enfoque multidisciplinar, o intercambio de experiencias, a formación de investigadores ou a concorrencia a



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>



## DOSSIER INFORMATIVO

convocatorias competitivas e, en xeral a potenciación das capacidades de cada Grupo o que redundará nunha mellora de competencia do SUG.

As investigacións baseadas na perspectiva analítica agroecolóxica constiúen unha liña sólida no presente, pero representan sobre todo unha inmensa oportunidade para o futuro (inmediato e a medio prazo), tendo en conta as posibilidades que ofrecen no deseño teórico e na implementación concreta dun modelo de desenvolvemento agrario sustentable. Este enfoque dende a Agroecoloxía aínda pode (e na nosa opinión, debe) ser moito máis desenvolvido no contexto científico – académico do Sistema Universitario Galego. En este sentido, os Grupos que integran esta solicitude entenden que Galicia podería ser un (outro) laboratorio do que extraer ensinanzas para una experiencia global.

## OBXECTIVOS

1) Aplicar colectivamente os coñecementos e experiencias que cada un dos Grupos da Rede teñen xerado e adquirido na súa traxectoria previa, para que o deseño e manexo dos agroecosistemas actuais se faga seguindo principios, prácticas e racionalidades ecolóxicas.

2) Construir propostas de recuperación dos manexos sustentables do espazo rural para deter o seu deterioro demográfico, productivo, social e

cultural/patrimonial) e potenciar a súa demostrada capacidade de resiliencia.

3) Contribuir á conversión de agroecosistemas convencionais (non sustentables) e/ou abandonados en sustentables.

4) Ensañar fórmulas colaborativas coas que acadar unha meirande aplicabilidade e difusión social da nosa actividade investigadora e dos nosos resultados científicos.

## QUEN FORMA PARTE?



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>



DOSSIER INFORMATIVO

## **Histagra: Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX (GI 1657)**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Santiago.

Coordenador: Prof. Dr. Lourenzo Fernández Prieto.

Configurouse como Grupo de Investigación do SUG, no ano 2006, como resultado da reintegración de dous Grupos de Investigación preexistentes: “Política e mundo rural” (co Prof. Dr Ramón Villares como IP) e “Historia Agraria Contemporánea: Tecnoloxía, Sociedade e Historia”, do que o IP era o Prof. Dr. Lourenzo Fernández Prieto. Desde o mesmo ano, foille concedida unha axuda na convocatoria autonómica de “Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación competitivas” baixo a modalidade de “Grupos de Referencia Competitiva” Formado por 18 investigadores (12 membros –PDI doutores-, 3 investigadores en formación e 3 persoal de apoio.

## **LaboraTe: Laboratorio do Territorio (GI 1934 Te-Bio).**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo.

Coordenador: Prof. Dr. David Miranda Barros.

O grupo de investigación 1934-TeBio, Territorio e Biodiversidade, da USC, inicia a súa labor investigadora no ano 1995, no seo dos Laboratorios do Territorio e de Biodiversidade, que se constituíron como unha única unidade formal (seguindo as indicacións e normativa da USC), integrando as dúas liñas e laboratorios que hoxe lle dan nome:

1.-Laboratorio do Territorio: constituído no 1995. As súas liñas de investigación son a ordenación do territorio, administración de terras, técnicas de enxeñería cartográfica aplicadas (sistemas de información xeográfica, sensores remotos), e con carácter transversal a cooperación para o desenvolvemento.

2.-Laboratorio de Botánica-Biodiversidade: constituído no ano 1995. As súas liñas de investigación son xestión da biodiversidade e aplicacións de sistemas de información xeográfica.

Forman o grupo 27 investigadores



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>



## **GIEEA: Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía (EA5)**

Universidade de Vigo, Campus de Vigo.

Coordenador: Prof. Dr. Xavier Simón Fernández.

Este Grupo de Investigación traballa en Economía Ecolóxica desde a Universidade de Vigo, e as súas liñas de traballo están orientadas a entender como funcionan os sistemas económicos, considerando que forman parte de outros sistemas maiores: o sistema social e o ambiental. O GIEEA pretende entender como funcionan para poder deseñar estratexias de xestión dos recursos que garantan a xustiza social e a sustentabilidade ambiental. Por outra parte, é no mundo das actividades agrarias onde maior desenvolvemento, maior penetración social e económica, ten alcanzado a economía ecolóxica. A agroecoloxía agrupa aos axentes sociais que desenvolven iniciativas no mundo rural baixo a perspectiva da economía ecolóxica, este é o ámbito do traballo do Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía (GIEEA): colabora con empresas agrarias e comunidades de montes en man común...



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>





DOSSIER INFORMATIVO

## **Cosmerun: Construción Sustentable para o Medio Rural e Natural (GI 2093)**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo.

Coordenador: Prof. Dr. Xoan Carlos Carreira Pérez.

Este grupo de investigación desenvolve na actualidade varias liñas de investigación no ámbito da enxeñería agraria e da construción. Máis en particular destacaríamos a súa preocupación pola avaliación da eficiencia do manexo tradicional na organización territorial das explotacións agrogandeiras. Tamén o estudo dos impactos ambientais e paisaxísticos provocados polos sistemas de aloxamento gandeiro, para os que por certo, propoñen as súas propias alternativas sustentables. Esta vocación propositiva –activa na resolución de problemáticas ambientais vencelladas á actividade agraria é un elemento común ós Grupos de Investigación do SUG que compoñen a proposta de Rede.

## **Ecosoagroc: Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Santiago.

Coordenador: Prof. Dr. Edelmiro López Iglesias

Está integrado por profesores e investigadores da USC que traballan en temáticas relacionadas coa economía agroalimentaria, as políticas agrarias e de desenvolvemento rural, a xestión económica de explotacións agrarias, a economía social e cooperativismo e o desenvolvemento rexional. Os membros do grupo pertencen ao Departamento de Economía Aplicada da USC e desenvolven o seu traballo na Facultade Ciencias Económicas e Empresariais (Campus de Santiago), na Escola Politécnica Superior e na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo).



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>



DOSSIER INFORMATIVO

## **Gespic: Grupo de Investigación de Historia Empresarial e Sectorial. Pesca, Industria e Comercio (GI 1170).**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Santiago.

Coordenador: Prof. Dr. Xoan Carmona Badía.

Este Grupo de Investigación, dirixido polo Prof. Xoán Carmona Badía, ascrito ó Depto de Historia e Institucións Económica e máis ó IDEGA (Instituto de Estudos y Desarrollo de Galicia) desenvolve liñas e temas de investigación que complementan a visión dos restantes grupos da rede. En particular, a súa misión será aportar informacións e coñecementos en relación coa co - dimensión mariña dunha parte moi relevante do conxunto do mundo rural galego, é dicir, de aqueles espazos agrarios e comunidades rurais asentados en zonas costeiras nas que os agroecosistemas e as actividades económicas teñen un evidente carácter mixto (agrario e pesqueiro). Interesan especialmente asuntos como as prácticas de fertilización agraria nas zonas costeiras; a división sexual do traballo en este tipo de comunidades rurais; o traballo a tempo parcial na agricultura; a composición da dieta alimenticia, etc.

## **XROFEA: Grupo de Xestión de Residuos Orgánicos, Fertilización e Ecoloxía Agraria (GI1649).**

Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo.

Coordenadora: Prof. Dra. Elvira López Mosquera.

Este grupo de investigación baseado na Escola Politécnica Superior de Lugo, no departamento de Producción Vexetal, traballa en aspectos relacionados coa avaliación ambiental dos efectos da actividade agraria, por exemplo os derivados do emprego de residuos orgánicos e fertilizantes, tanto sobre as características do solo como sobre a calidade das augas superficiais. Para este fin, os investigadores do grupo realizan traballos de cuantificación e control da contaminación derivada da fertilización orgánica e mineral mediante o uso de indicadores físicos, químicos e biolóxicos de calidade do solo, ou ben técnicas propias da ecoloxía agraria e ecoloxía da paisaxe. Complementariamente á súa experiencia investigadora, este grupo provee servizos e recursos ás empresas ou explotacións que precisan realizar análises de diferentes materiais (abonos, solos, plantas, residuos orgánicos, substratos, ...), ou que precisan asesoramento sobre a xestión dos residuos orgánicos xerados ou o reciclaxe doutro tipo de residuos.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

WEB: <http://revolta.usc.es/>

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/rederevolta>

TWITTER: <https://twitter.com/REDEReVOLTA>